

Lista de espera cirúrxica con prioridade 3

Expediente: I.5.Q/9144/21

Santiago de Compostela, 02 de xuño de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX ao respecto da lista de espera cirúrxica para realizar unha intervención urolóxica con prioridade III.

ANTECEDENTES

No seu escrito de 7 de outubro de 2021, efire estar en lista de espera para a realización dunha cirurxía urolóxica con prioridade III desde o día 14 de setembro de 2021.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre esta cuestión.

En dito informe de decembro de 2021, indícase o seguinte:

“En relación coa reclamación presentada, temos que indicar o seguinte:

- 1.- O paciente foi incluído no rexistro cirúrxico con data 14 de setembro de 2021, para a corrección dunha incontinencia urinaria de esforzo, con prioridade 3.
- 2.- Dada a prioridade do proceso e a espera actualmente existente no Servizo para a citada patoloxía, a estimación realizada polo profesional que o atendeu é correcta consonte á espera actual na nosa Área Sanitaria.
- 3.- Entendemos perfectamente o malestar e o interese por acelerar os prazos que traslada XXX, tal e como tamén sería o noso desexo, pero o noso criterio non pode ser outro que, para igual prioridade, programemos pacientes con maior antigüidade.
- 4.- Intentaremos avanza o máximo posible nos vindeiros meses para intentar axilizar a espera o máximo posible“.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

No momento de recibirse o informe da administración sanitaria en decembro de 2021, o tempo transcorrido na lista de espera era inferior ao tempo máximo garantido estipulado legalmente, así no Decreto 104/2005, de 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera en atención sanitaria non urxente, na liña establecida pola Lei 16/2003, de 28 de maio, estipúlase para as intervencións cirúrxicas con prioridade III, un tempo máximo de 180 días naturais de lista de espera estrutural.

Non obstante na data do 24 de maio de 2022 o promotor de este expediente dirixiuse novamente a esta institución reiterando que segue na lista de espera cirúrxica, transcorridos máis de 240 días da súa inclusión na lista de espera estrutural.

Esta institución non é allea ás consecuencias que xerou a atención aos doentes COVID-19 na xestión de todas as listas de espera no eido da asistencia sanitaria, non obstante e tendo en conta o tempo transcorrido desde a declaración do Estado de Alarma, o 14 de marzo de 2020, e declarado o fin da situación de emerxencia sanitaria mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 21 de outubro de 2021, **cómpre avanzar na procura de fórmulas que permitan a cidadanía recuperar os dereitos** contemplados anteriores á pandemia, entre eles o dereito a recibir asistencia sanitaria na súa comunidade autónoma nun tempo máximo, xa formulado no artigo 4.b da *Ley 16/2003, de 28 de mayo, de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud*.

Para acadar este obxectivo do prazo máximo de 180 días, a normativa contempla a derivación dos doentes a un centro sanitario da Rede Galega Sanitaria de Utilización Pública, recurso que debe ser empregado, se a patoloxía do doente o permite co obxecto de acadar os tempos referidos.

No caso de que o doente rexeitase esta opción e segundo o artigo 11.c do decreto 104/2005, ao que se fixo referencia perderíase esta garantía de tempo máximo, o que debe ser comunicado ao enfermo no momento no que se lle ofrezca a derivación ao centro concertado.

A fixación dun tempo máximo de espera tamén para estes casos permitiría que se informase aos doentes do tempo máximo de agarda no caso de rexeitar intervirse nun centro concertado no momento de ofrecérselle esta posibilidade, pois na actualidade os doentes que optan por esta opción, legalmente recoñecida, descoñecen o tempo que poden permanecer na lista de espera non estrutural antes de ser intervidos o que podería limitar o seu dereito a libre elección entre as dúas opcións dispoñíbeis, isto é intervirse no SERGAS ou nun centro concertado; ao facilitarlle información respecto do tempo máximo de espera na lista non estrutural estaríase garantindo de conformidade co artigo 4.2 do *Real Decreto 605/2003, de*

23 de mayo, por el que se establecen medidas “para el tratamiento homogéneo de la información sobre las listas de espera en el Sistema Nacional de Salud” que dispuxese de información relativa á espera prevista para a súa intervención dando cumprimento ao espírito do lexislador cando dispuxo no devandito artigo que: “Cada ciudadano tendrá acceso a la información personalizada sobre la espera prevista en relación con su proceso asistencial, que será proporcionada por su servicio de salud”.

No suposto no que, pola natureza do proceso que presenta o doente non sexa posible esta derivación ao centro concertado e se supere o prazo máximo garantido para o nivel de prioridade asignado, no caso que nos ocupa prioridade III, o convinte será realizar unha nova valoración do paciente co obxecto de constatar que o grao de prioridade siga sendo o mesmo despois do tempo transcorrido sen efectuarse a intervención e de non obxectivar cambios na súa prioridade deberase informar do novo prazo de tempo máximo no que o SERGAS estima poder programar a intervención requirida.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte recomendación:

“Débese avanzar no camiño da procura de fórmulas, no marco da asistencia sanitaria que se lle dispensa aos doentes, que permitan volver a facer efectivos os tempos máximos garantidos legalmente para as intervencións cirúrxicas con un nivel de prioridade asignado III”.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano as seguintes suxestións:

“Para a consecución dos prazos máximos garantidos legalmente no caso das intervencións cirúrxicas con un nivel de prioridade asignado III, se o tipo de intervención o permite, cómpre valorar a derivación dos doentes aos centros concertados da Rede SERGAS “.

“Cómpre facilitar información útil ao respecto do tempo máximo de espera aproximado a aqueles doentes aos que se lle ofrece a posibilidade de intervención cirúrxica nun centro concertado se rexeitan a devandita opción antes de que decidan intervirse no SERGAS ou no devandito centro concertado”.

“Naqueles casos de lista de espera con prioridade III, nos que se supere amplamente o tempo máximo garantido legalmente de 180 días, o convinte será proceder a unha nova avaliación do seu estado de saúde, co obxecto de proceder a unha nova priorización da súa

intervención; de permanecer a prioridade III deberase informar do prazo máximo contemplado no SERGAS para acadar a intervención requirida”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo